



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/21	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	24 de abril de 2017
Duración	Desde as 19:01 ata as 19:26 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRÉS GARCÍA BASTÓN	NON
53171075C	EVA RODRÍGUEZ CALVAR	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁN XELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 17 de abril de 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar sobre a mesa, pendente de aprobación, o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 17 de abril de 2017.

Expediente 228/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° (228/17).- Outorgar licenza de obras a "AGARF INVEST SL", con enderezo na Avda. Méndez Núñez, n° 27-5°B-Cangas, para en Reboredo, n° 9-Coiro, en solo urbano residencial familiar intensiva, regulado pola ordenanza 7, construír un soto de 49,95 m2., para garaxe e acceso a predio vencellado a vivenda, de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecta E.F.P., visado con data 1 de febreiro de 2017. O presuposto de execución material ascende a once mil cento trinta e catro euros con cincuenta e nove céntimos (11.134,59 €). Deberase formalizar perante o Catastro Inmobiliario a modificación que presenta esta licenza.

Expediente 1809/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° (1.809/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por Comunidade Propietarios Edificio Constitución, para reparación de cuberta e reforma de fachada, de edificación sita na Praza Constitución, n° 2-Cangas, de conformidade co proxecto presentado polo arquitecto técnico F.M.L. de marzo de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a dezaseis mil setecentos setenta e seis euros con sesenta e cinco céntimos (16.776,65 €).



Expediente 909/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° (909/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por E.S.V., para reparacións interiores nun local sito na Avda. Eugenio Sequeiros, n° 19-Cangas, de conformidade co proxecto presentado polo arquitecto técnico F.M.L. de marzo de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a sete mil vinte e catro euros (7.024,00 €).

Expediente 2085/2017. Comunicación previa de cambio de titularidade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 2085/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por E.G.B., para cambio de titularidade da licenza de actividade de venda polo miúdo de artesanía en rúa San José, n° 13-baixo, que antes rexentaba M.E.P.G. co expediente n° 1732/14.

Expediente 2291/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 2.291/17.- Dáse conta da comunicación previa presentada por A.R.S., para limpeza, encintado e reparación de muro de mampostería, sito en Florida-Gandón-Aldán, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a cento corenta e seis euros con corenta e oito céntimos (146,48 €).

Expediente 1350/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 1350/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por G.C.C., na que comunica o cambio de titularidade da licenza de actividade da perruquería sita en rúa San Francisco, n° 13, que antes rexentaba M.Y.V.F., co expediente n° 1862/16.



Expediente 927/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 927/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por A.M.P.A., na que comunica o cambio de titularidade da licenza de actividade do centro de estética sito en rúa Baiona, nº 20-baixo, que antes rexentaba "Susangel SL", co expediente nº 1496/11.

Expediente 2381/2017. Solicitude do recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante é tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

* **CONCEDERLLE** a J.M.R., co expediente nº: 36008/02/000091, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de LIBRE CONCORRENCIA e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psico social e educativo.

Custo do servizo: trescentos oitenta e nove euros con sete céntimos (389,07 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica: trinta e oito euros con noventa céntimos (38,90 €).

Número de horas: 30 horas.

Data prevista de alta no SAF: abril de 2017.

Expediente 434/2017. Contratación do servizo de redacción do PXOM

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do servizo de



redacción do PXOM, no que, iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil *MONSA URBANISMO SL*, con NIF nº B27188473, por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.

Visto que o día 31.03.2017 (entrada nº 3549) o licitador presentou a documentación xustificativa á que fai referencia o artigo 146.1 do TRLCSP, así como o xustificante de que constituíu garantía definitiva por importe de trece mil novecentos vinte e dous euros con trinta e seis céntimos (13.922,36 €) en forma aval bancario (avalista: AFIGAL SGR VI5053754 Aval nº 48673).

Por todo o que antecede a Xunta de Goberno Local ACORDA o seguinte:

Primeiro.- Adxudicar á empresa *MONSA URBANISMO SL*, con NIF nº B27188473, o contrato de servizo de redacción do PXOM por importe de trescentos trinta e seis mil novecentos vinte e un euros con un céntimo (336.921,01 €) IVE incluído.

Segundo.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 150.640 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar, nos termos previstos no artigo 151.4 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

Cuarto.- Publicar a adxudicación do contrato de servizos de redacción do PXOM no Diario Oficial da Unión Europea no prazo de corenta e oito días, a contar desde a data de formalización.

Quinto.- Nomear responsable do contrato á xefa do departamento de urbanismo María Rodríguez Gómez, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto.- Notificar este acordo ao licitador que resultou adxudicatario e citalo para a sinatura do contrato.

Sétimo.- Publicar a formalización do contrato no perfil de contratante e publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia no prazo de corenta e oito días a contar desde esta.

Oitavo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCS.

Noveno.- Remitir ao Consello de Contas unha copia certificada do documento no que se formalice o contrato, achegada dun extracto do expediente dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato.



Concello de Cangas

Décimo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico así como ao responsable do contrato.

Expediente 1833/2017. Mesa de Contratación Permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE

Visto o artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP), segundo o cal os órganos de contratación das administracións públicas estarán asistidos por unha mesa de contratación nos procedementos abertos e restrinxidos e nos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1.

Vistos os artigos 21 e 22 do Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, relativos á composición e funcións das mesas de contratación.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Modificar a composición da mesa de contratación permanente constituída mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 8.02.2016 e publicada no BOPPO nº 38 do día 25.02.2016, quedando formada polos seguintes integrantes:

TITULARES	
Presidente	O alcalde - presidente
Vogais	- Secretaria xeral municipal - Interventor municipal - Concelleiro de Facenda, Urbanismo e Patrimonio - Concelleiro/concelleira responsable da área á que se refira o contrato de que se trate
Secretario/ Secretaria	Técnica de administración xeral do departamento de Apoio Xurídico a Secretaría

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



SUPLENTES

Presidente	Tenente de alcalde que corresponda
Vogais	- Os suplentes da secretaria e interventor municipais serán os/as funcionarios/funcionarias aos/ás que corresponda a súa substitución accidental. - O/a concelleiro/concelleira responsable da área á que se refira o contrato será substituído por outro concelleiro/concelleira do seu mesmo grupo político. - O concelleiro de Facenda, Urbanismo e Patrimonio será substituído pola concelleira de Obras e Servizos.
Secretario/ Secretaria	Auxiliar administrativa do departamento de contratación e subvencións (Secretaría).

Segundo.- A mesa de contratación permanente asistirá aos órganos de contratación do Concello de Cangas, tanto á Xunta de Goberno Local como ao Pleno.

Terceiro.- Notificar este acordo a todos os membros e publicar no perfil do contratante do órgano de contratación, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia.

Expediente 2580/2017. Solicitud Mostra artesanía ARGALICA 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta da solicitude presentada po M.S.V. en representación da *Asociación para o Fomento e o Impulso da Artesanía en Galicia*, en data 28 de marzo de 2017 (Rex. nº 3357) pola que pide autorización para a celebración da 26ª Mostra de Artesanía ARGÁLICA 2017.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

Autorizar a celebración da 26ª Mostra de Artesanía ARGÁLICA 2017, do 21 de xullo ao 6 de agosto, en idénticos termos aos autorizados no ano 2016.

Expediente 2398/2017. Autorización colocación de cartel en vía pública

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada polos comerciantes da Avenida de Marín e rúa Baiona en data 11.04.2017 (registro nº 4013).



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a colocación dun cartel-directorio na entrada da Avenida de Marín para visibilizar os establecementos sitos na avenida de Marín e na rúa Baiona.

Expediente 24/2017. C-17/01

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 1,
Ausentes: 0

Expediente núm.: C-14/01

Contrato: Servizo de axuda no fogar (SAF)

Asunto: Proposta de prórroga do contrato

Visto o contrato administrativo xestión do servizo público de axuda no fogar formalizado o día 25.04.2014 entre o Concello de Cangas e a empresa adxudicataria "IDADES SL", cuxa vixencia remata o vindeiro 30.04.2017.

Visto que o día 17.10.2016 a Xunta de Goberno Local acordou iniciar o proceso de licitación e adxudicación do referido servizo, estando actualmente o expediente en prazo de presentación de ofertas polos licitadores.

Vista a necesidade de continuar prestando o servizo de axuda no fogar evitando que os/as usuarios/usuarias vexan interrompida a axuda recibida.

A Xunta de Goberno Local acorda adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prorrogar o contrato administrativo de xestión do servizo público de axuda no fogar, formalizado entre o Concello de Cangas e a empresa adxudicataria "IDADES SL", con CIF nº B36577542, o día 25.04.2014, polo tempo imprescindible ata que se formalice o novo contrato co adxudicatario resultante da licitación.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado e dar traslado deste aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

Plan de ocupación con servizos de tempada na zona de dominio público marítimo terrestre-2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Con rexistro de entrada do 19 de xaneiro de 2017, recibíuse oficio do Xefe do Servizo

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de tempada nas praias durante a temporada estival do ano 2017. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de tempada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado, xunto coas solicitudes e propostas dos interesados, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Procédase á aprobación do plan de ocupación (ANEXO 1) que se achega coa presente proposta e, en virtude deste, solicítese do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relatados.

SEGUNDO.- Procédase á aprobación das autorizacións para ocupación temporal do dominio público-marítimo terrestre (ANEXO 2: TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS) que se achega coa presente proposta e, en virtude deste, solicítese do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relatados.

TERCEIRO.- Procédase á aprobación da autorización para a instalación de quiosco de verán en terreo privado aos solicitantes presentados (ANEXO 3) de acordo coas condicións e requisitos esixidos no bando publicado pola Alcaldía e previo pago nas arcas municipais das taxas da concesión.

CATRO.- Procédase á DESESTIMAR do plan de ocupación as seguintes solicitudes para a Praia de Barra e no lugar de Viñó, por ser zona protexida e non se autorizan instalacións de tempada na mencionada zona e nas instalacións de tempada o quiosco solicitado para Praia de Vilariño (Laxe dos Picos) por non considerar adecuado o lugar:

M.C.C., enderezo en Estrada de Bueu, nº 27-Vilariño-O Hío.

B.S.C., enderezo en Camiño de Viñó, nº 41-O Hío.

E.M.S., enderezo en Camiño de Viñó, nº 41-O Hío.

J.C.H., enderezo en Rúa Gorgullón, nº 20-O Hío.

ANEXO 1

PLAN DE OCUPACIÓN SERVIZOS DE TEMPADA PRAIAS DE CANGAS-2017

En data 19 de xaneiro de 2017, achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración



e explotación de servizos de tempada nas praias do Concello.

Unha vez examinada a mencionada circular, os pedimentos previos realizados polos interesados e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada tempada nas diferentes praias, considérase preciso cubrir os servizos de tempada, no período comprendido entre os días 15 de maio e 30 de setembro, nas praias que a continuación se indican:

1. Praia de Rodeira:

- (1) Un quiosco de 6,00 m²., e superficie para 4,00 m²., de terraza.
- (1) Un quiosco de 13,00 m²., e superficie para 37,00 m²., de terraza.
- (1) Un quiosco de 10,50 m².

2. Praia de Areamilla:

- (1) Un quiosco de 12,00 m²., e superficie para terraza de 22,50 m².
- (1) Un quiosco de 18,00 m²., e superficie para terraza de 10,00 m².

3. Praia de Santa Marta:

- (1) Un quiosco de 7,00 m²., e superficie para terraza de 13,00 m².

4. Praia de Nerga:

- (1) Un quiosco de 20,00 m²., e superficie para terraza de 50,00 m².

5. Praia de Melide:

- (1) Un quiosco de 20,00 m²., e superficie para terraza de 30,00 m².

6. Praia de Vilariño:

- (1) Un quiosco de 13,00 m²., e superficie para terraza de 15,00 m².
- (1) Un quiosco de 12,00 m²., e superficie para terraza de 10,00 m².
- (1) Un quiosco de 8,00 m²., e superficie para terraza de 10,00 m².
- (1) Un quiosco de 7,00 m²., e superficie para terraza de 23,00 m².

7. Praia de Menduña:

- (1) Un quiosco de 8,00 m²., e superficie para terraza de 30,00 m².

8. Praia de Liméns:

- (1) Un quiosco de 20,00 m²., e superficie para terraza de 40,00 m².

9. Praia da Congorza:

- (1) Un quiosco de 8,00 m²., e superficie para terraza de 12,00 m².

10. Praia de Vilariño:

- (1) Unha superficie para Escola de Kayak e Seawalk Paddle de 21,00 m².

A situación dos servizos solicitados nas praias indicadas é a que se sinala nos deseños anexos.



ANEXO 2

**PLAN DE OCUPACIÓN CON SERVICIOS DE TEMPADA NA ZONA DE
DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE DO CONCELLO DE CANGAS
(TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS) 2017**

Na data 19 de xaneiro de 2017 achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración e explotación de servizos de temporada do Concello de Cangas.

Unha vez examinada a mencionada circular, os pedimentos previas realizadas polos interesados e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada tempada, se considera preciso cubrir os servizos de temporada, ligados a establecementos hostaleiros, nas localizacións que a continuación se indican:

1).- Paseo de Rodeira:

(1) Unha terraza de 50,00 m²., vinculada ao establecemento denominado “El Bribón de la Habana”, do 1 de marzo de 2017 ao 28 de febreiro de 2018.
(M.L.F., R/Costa do Latón, nº 292-Moaña-36955).

(1) Unha terraza de 45,00 m²., vinculada ao establecemento denominado “El Horm&guero Morrazo SLU”, do 1 de marzo de 2017 ao 28 de febreiro de 2018.
(El Horm&guero Morrazo SLU, Praza das Pontes, nº 1-baixo-Cangas. A.G.J.).

(1) Unha terraza de 50,00 m²., vinculada ao establecemento denominado “Evoq”, do 1 de marzo de 2017 ao 28 de febreiro de 2018.
(J.M.P.C., Paseo Marítimo Rodeira, nº 6-Cangas. Rúa Porqueiros, 30, Muíños, Ourense).

(1) Unha terraza de 24,00 m²., vinculada ao establecemento denominado “El Chalet de Rodeira” do 1 de xullo ao 31 de agosto de 2017.
("El Chalet de Cangas SL", CIF: B36516144-Praia de Rodeira, nº 29-Cangas. F.M.P.G.).

2).- Praza das Pontes:

(1) Unha terraza de 40,00 m²., vinculada ao establecemento denominado “La Fiorentina” do 1 de marzo de 2017 ao 31 de outubro de 2017.
("HELADOS A FIORENTINA SL", CIF: B36241602, Avda. de Bueu, nº 26-4ºD-Cangas. G.F.P.).

3).- Nerga:

(1) Unha terraza de 20,00 m²., vinculada ao establecemento denominado “El Gran Sol”, do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2017.
(R.G.L. Rúa Barreiriño, nº 6-Menduíña-Aldán).



4).- Aldán:

(1) Unha terraza de 40,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “O Con de Aldán”, do 1 de marzo de 2017 ao 28 de febreiro de 2018.

("A Casa de Aldán SL", B36464808, Avda. José Graña, nº 20-Aldán-Cangas. M.L.B.V.).

(1) Unha terraza de 20,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “Bar Peralta”, do 1 de marzo de 2017 ao 28 de febreiro de 2018, menos o mes de outubro.

(M.C.S.B. Avda. José Graña, nº 5-Aldán-Cangas).

(1) Unha terraza de 30,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “Bar Valladares”, do 1 de marzo de 2017 ao 28 de febreiro de 2018, menos o mes de outubro.

(M.A.P.V. San Cibrán, 14, Aldán, Cangas).

(1) Unha terraza de 20,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “Casa Encarna”, do 1 de marzo de 2017 ao 28 de febreiro de 2018.

(E.P.T. Rúa Lontreira, nº 1-Aldán-Cangas).

A situación de cada un das ocupacións solicitadas é a que se sinala nos planos anexos.

ANEXO 3

<u>Nome e apelidos</u>	<u>Situación</u>
P. M.P.C.	Praia Areameán (Mixilloeirás-Viñó. Camiño da Garita, 19, Nerga-O Hío.
M.F.C.	Predio en praia de Barra (Nerga). Estrada Bueu, nº 27, Vilariño-O Hío.
M.T.F.G.	Predio “O Couñal” en Donón, nº 58.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos



Concello de Cangas

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850